



GUÍA DE MATRÍCULA

MÁSTER

ESTUDANTES DE CONTINUACIÓN

NECESITAS UN USUARIO E CONTRASINAL PARA O SISTEMA

- Ao ser alumno de continuación, debes usar o teu usuario e contrasinal institucional, e realizar a matrícula a través da ligazón seguinte:

>> [Matrícula de máster para estudantes con conta institucional na UDC](#)

Inicio de sesión



 Identifícate con usuario e contrasinal

 Identifícate con certificado dixital

 [Esqueciches o teu contrasinal?](#)

 [Activa a túa conta de servizos](#)

 [Necesitas axuda?](#)

MATRÍCULA

- Ao entrar na aplicación de matrícula verás os teus datos e un diagrama co fluxo do proceso.
- Para avanzar entre pantallas podes usar o botón inferior de **Seguiente** ou pulsar no seguinte paso do fluxo, pero o avance sempre terá que ser secuencial, sen saltarche ningún paso.

Estudios oficiales / Matrícula > Alta de Matrícula

Nombre y apellidos		DNI	
Año		NIA	
Centro		Tipo de Estudios	
Estudio		Especialidad	
Plan de estudios			



PANTALLA DE DATOS PERSOAIS

- Nesta pantalla debes revisar os datos persoais que están no sistema. É importante que a información sexa correcta porque se poderá usar para contactar contigo, ou mesmo en diferentes procedementos, como axudas ou premios, algunha desta información serve para filtrar aos candidatos/participantes.
- Algúns dos datos pódense modificar por autoservizo, pero outros, como a nacionalidade, só pódense modificar desde secretaría.
- Nesta pantalla tamén terás que aceptar a política de protección de datos da UDC. Para iso terás que pulsar previamente na ligazón coa descrición da devandita política, e aceptar.

INFORMACIÓN SOBRE EL TRATAMIENTO DE LOS DATOS PERSONALES

[Enlace al texto completo de consentimiento de tratamiento de datos personales](#)

☐ He leído y acepto la información sobre protección de datos de la UDC

CUESTIONARIO ESTADÍSTICO

- Na segunda pantalla é necesario encher o cuestionario estatístico.

i En aplicación de la Ley 12/1989, de 9 de mayo, de la Función Estadística Pública que regula la obligación de los organismos públicos de facilitar los datos requeridos por el Instituto Nacional de Estadística, te solicitamos que cumplimentes la siguiente encuesta. Los datos recogidos tienen una función estadística y están amparados por el secreto estadístico, el cual obliga a no difundir en ningún caso los datos personales.

CUESTIONARIO ESTADÍSTICO

Estos datos se usarán con fines estadísticos

DATOS ESTADÍSTICOS

Nivel de estudios padre/madre/tutor/tutora legal

Padre/Madre/Tutor/Tutora legal

9 No consta ▼

Padre/Madre/Tutor/Tutora legal

9 No consta ▼

MATERIAS A MATRICULAR

- Na seguinte pantalla selecciónanse as materias para matricular.
- Na parte superior dereita móstrase en todo momento o total de materias que se seleccionaron e o total de créditos.
- Lembra que, na matrícula de continuación, é necesario matricular **polo menos 48 créditos ECTS** (agás se che restan menos para terminar os estudos ou se solicita o réxime de dedicación a tempo parcial).

Estudios oficiales / Matrícula > Alta de Matrícula

Nombre y apellidos		DNI	
Año		NIA	
Centro		Tipo de Estudios	
Estudio		Especialidad	
Plan de estudios			
Régimen			

Mi matrícula

Asignaturas	Créditos
6	27



RÉXIME DE DEDICACIÓN Ao ESTUDO

- O réxime ordinario de dedicación ao estudo é o **réxime de dedicación a tempo completo**. Por defecto o réxime que aparecerá na túa matrícula será este.
- Existen unha serie de supostos que dan dereito solicitar un réxime de dedicación a tempo parcial (consulta a [normativa](#)). Se desexas solicitar este réxime especial, debes marcalo no despregable. Se solicitas este réxime terás que matricular entre 24 e 48 ECTS (agás se che restan menos para terminar os estudos).
- Se solicitas o réxime de dedicación a tempo parcial non terás que pagar as taxas académicas ata que se resolva a túa petición, pero si terás que pagar as taxas administrativas. Unha vez que se resolva a túa solicitude, se resulta favorable, enviaráseche a liquidación polos créditos matriculados. Se se che denega, poderás modificar a túa matrícula para pasar a tempo completo, ou desistir da solicitude de matrícula neste curso.
- Se solicitas o réxime de dedicación a tempo parcial terás que presentar, no prazo de 10 días, os documentos xustificativos da situación que che dá dereito a solicitar este réxime. Esta presentación realizarase, tras a matrícula, mediante o módulo de instancias a través [portal académico](#). Alí tamén atoparás unha guía sobre o seu uso.

OPCIONES

Especialidad

Régimen de permanencia

0 - No especificada

✓ 0 - Dedicación a tiempo completo

2 - Solicitud dedicación a tiempo parcial

SELECCIONAR A ESPECIALIDADE

- Nalgunhas titulacións de máster con especialidades os estudantes teñen que cursar obrigatoriamente unha especialidade. Noutras, existe tamén a posibilidade de cursar o título sen especialidade.
- Nalgunhas titulacións a especialidade elixiuse en primeiro curso e xa che aparecerá marcada. Nalgunhas titulacións, por autoservizo non podes cambiar de especialidade. Se fose o caso, terías que solicitar o cambio no teu centro.
- Noutras titulacións a especialidade elíxese en segundo curso. Se fose o caso da túa titulación, pode ser necesario que seleccións previamente a especialidade que desexas cursar. Nesas titulacións, se non se selecciona previamente unha especialidade non se visualizan as materias para ser seleccionadas. A opción de cursala sen especialidade, se existe, está codificada como 999.
- Unha vez que seleccións, se é o caso, a especialidade, a aplicación de matrícula mostrárate só as materias que se poden matricular na especialidade elixida.

OPCIONES

Especialidad

Régimen de permanencia

✓ 0 - Sin especialidad

999 - Sin especialidad

51 - Biotecnología en Acuicultura

50 - Producción Acuícola

▼

MENSAXES IMPORTANTE

- Para axudarte na realización correcta da matrícula, atoparás debaixo das opcións e antes de a selección de materias unha serie de mensaxes informativas.
- Leos antes de proceder á selección das materias para matricular. En particular, atoparás unha ligazón a unha ficha coas características da titulación e as condicións de obtención do título. É importante que a revises para asegurarte de que matriculas as materias correctas.

INFORMACIÓN

INFORMACIÓN SOBRE COMO CONFIGURAR EL ITINERARIO DE ESTUDIOS

Aunque la aplicación valida que la selección de materias sea correcta de acuerdo al plan de estudios, cuando los estudiantes se matriculan a tiempo parcial o son alumnos de continuación con materias pendientes, no valida si las materias que está seleccionando se corresponden con la combinación mínima de créditos ECTS para la obtención del título.

Le aconsejamos que revise la características del plan de estudios y sus condiciones de terminación en el siguiente enlace.

[PLAN DE ESTUDIOS](#)

INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE EL NÚMERO DE CRÉDITOS A MATRICULAR Y EL RÉGIMEN DE DEDICACIÓN AL ESTUDIO

Como alumno de nuevo ingreso debe matricularse necesariamente de 60 ECTS

SELECCIÓN DE MATERIAS – POTENCIAL DE MATRÍCULA

- Na parte inferior da pantalla verás o que se denomina o **potencial de matrícula**.
- A relación de materias que podes seleccionar móstranse en formato táboa, con varias pestanas. No caso dos alumnos de continuación, pode aparecer unha pestana etiquetada como **pendente**, coas materias non superadas do curso anterior. Ás veces aparecerá unha pestana de materias **prerexistradas**, como os Complementos Formativos que algúns alumnos deben cursar.
- Na táboa podes filtrar as materias usando a barra de filtro que aparece debaixo da cabeceira e tecleando no campo que queiras filtrar. Non esquezas quitar o filtro unha vez que seleccionases as materias necesarias para que che volva a mostrar o resto do potencial de matrícula.

Materias del plan

Materias preinscritas por administración

Barra de filtro

Mostrando 25 registros por página

Búsqueda global

+	Asignatura	Centro	Plan	Clase	Créditos	Ciclo	Curso	Módulo	Especialidad	Periodo	Grupo	Estado	Observaciones	Convo. Consec.
+	103400 - Bioinformática y Modelado de Biomoléculas	610 - Facultad de Ciencias	20023 - Máster Universitario en Biología Molecular, Celular y Genética	Optativa	3.0	X	1er	XX		2o Cuatr.		Abandonable		0
+	103382 - Biología Celular Avanzada	610 - Facultad de Ciencias	20023 - Máster Universitario en Biología Molecular, Celular y Genética	Obligatoria	3.0	X	1er	XX		1er Cuatr.				0

SELECCIÓN DE MATERIAS - MARCAXE

- As materias selecciónanse individualmente no botón co símbolo + da esquerda.
- Tamén é posible seleccionar todo o grupo de materias que se está visualizando na táboa, pulsando no botón co símbolo + da cabeceira. Isto pode ser útil, por exemplo, se primeiro filtramos as obrigatorias, de forma que podemos, cun só xesto, seleccionalas todas.

Selección múltiple de materias

Plan Fuera del plan

Mostrando 25 registros por página

Selección individual **Filtrado**

Búsqueda global

	Asignatura	Centro	Plan	Clase	Créditos	Ciclo	Curso	Módulo	Especialidad	Periodo	Grupo	Estado	Observaciones	Convo. Consu.
☐				Ob										
☐	102108 - Certificación de Eficiencia Energética	731 - Escuela Politécnica de Ingeniería de Ferrol	20107 - Máster Universitario en Eficiencia Energética y Sostenibilidad	Obligatoria	4.5	X	1er	XX		1er Cuatr.				0
☐	102113 - Instalaciones y Edificios Inteligentes y Sostenibles	731 - Escuela Politécnica de Ingeniería de Ferrol	20107 - Máster Universitario en Eficiencia Energética y Sostenibilidad	Obligatoria	4.5	X	1er	XX		1er Cuatr.				0
☐	102111 - Política Energética y Análisis de Inversiones	731 - Escuela Politécnica de Ingeniería de Ferrol	20107 - Máster Universitario en Eficiencia Energética y Sostenibilidad	Obligatoria	4.5	X	1er	XX		1er Cuatr.				0
☐	102109 - Sistemas de Aprovechamiento Solar	731 - Escuela Politécnica de Ingeniería de Ferrol	20107 - Máster Universitario en Eficiencia Energética y Sostenibilidad	Obligatoria	4.5	X	1er	XX		1er Cuatr.				0
☐	102112 - Sistemas Eólicos, Hidráulicos y Marinos	731 - Escuela Politécnica de Ingeniería de Ferrol	20107 - Máster Universitario en Eficiencia Energética y Sostenibilidad	Obligatoria	4.5	X	1er	XX		1er Cuatr.				0

SELECCIÓN DE MATERIAS – SELECCIÓN DE GRUPO DE DOCENCIA

- Algunhas materias dalgúns plans de estudo poden necesitar intervención do usuario para ser matriculadas. É o caso das materias que teñen varios grupos de docencia a elixir.
- Se ao tratar de matricular un grupo de materias aparece a seguinte alerta, significa que debes matricular esas materias de forma individual (polo menos unha delas)/delas) para seleccionar o grupo que desexas.

Alerta

Se ha completado el proceso de selección automática de asignaturas.

Asignaturas que requieren la intervención del usuario:
103382
103386
103384
103385
103383
103380
103381

- Unha vez que seleccionas nunha materia o grupo, o sistema asignará automaticamente ese grupo en todas as materias que dispoñan del. Co que as seguintes seleccións poden ser en bloque.

Grupos

Características

Cambio de asignatura

	Centro	Plan	Período	Grupo	Capacidad	Observaciones	Propio / Externo
☐	610 - Facultad de Ciencias	20055 - Máster Universitario en Ciencias, Tecnologías y Gestión Ambiental	1er Cuatr.	1	24	Tipo enseñanza: Presencial. Grupo Teoría / castellano o gallego.	Propio
☒	610 - Facultad de Ciencias	20055 - Máster Universitario en Ciencias, Tecnologías y Gestión Ambiental	1er Cuatr.	2	10	Tipo enseñanza: Presencial. Grupo Teoría / inglés.	Propio

SELECCIÓN DE MATERIAS – TÁBOA CON MATERIAS SELECCIONADAS

- Unha vez que se selecciona unha materia do potencial de matrícula, esta súmase ao contador de materias e créditos da parte superior, e quítase da táboa de potencial para poñela noutra táboa superior de materias seleccionadas.
- Na táboa de materias seleccionadas da parte superior podes consultar unha materia pulsando no botón do lapis ou eliminala pulsando no botón co símbolo X.

MI SELECCIÓN

	Asignatura	Centro	Plan	Clase	Créditos	Ciclo	Curso	Módulo	Especialidad	Período	Grupo	Estado	Observaciones	Convo. Consu.	Pestaña
	102108 - Certificación de Eficiencia Energética	731 - Escuela Politécnica de Ingeniería de Ferrol	20107 - Máster Universitario en Eficiencia Energética y Sostenibilidad	Obligatoria	4.5	X	1er	XX		1er Cuatr.	1			0	Plan
															
	102113 - Instalaciones y Edificios Inteligentes y Sostenibles	731 - Escuela Politécnica de Ingeniería de Ferrol	20107 - Máster Universitario en Eficiencia Energética y Sostenibilidad	Obligatoria	4.5	X	1er	XX		1er Cuatr.	1			0	Plan
															


Plan Fuera del plan

Mostrando 25 registros por página Búsqueda global

	Asignatura	Centro	Plan	Clase	Créditos	Ciclo	Curso	Módulo	Especialidad	Período	Grupo	Estado	Observaciones	Convo. Consu.
				Ob										
	102108 - Sistemas de	731 - Escuela Politécnica de	20107 - Máster Universitario en											

SELECCIÓN DE MATERIAS – VALIDACIÓN FINAL

- A aplicación realiza validacións cando se completa a selección, no momento de pulsar o botón **Seguiente** na parte inferior, ou de pulsar o seguinte paso no fluxo superior.
- O sistema comproba que a selección coincide coas materias que cumpren as condicións para a obtención do título/especialidade. Pero debes ter en conta que, se marcaches solicitude a tempo parcial ou tes materias pendentes de cursos anteriores estas validacións estarán desactivadas.
- Se obtés unha mensaxe de erro ao tratar de pasar ao paso seguinte de pago, que estea etiquetado como **ERRO VALIDACIÓN**, significa que incumpres algunha regra de matrícula (como a obrigação de matricular polo menos 48 ECTS a tempo completo en matrícula de continuación) ou que a combinación de materias seleccionadas non cumpre as condicións para a obtención do título. Neste caso, consulta a ficha do plan de estudos, ou co coordinador da titulación.



INFORMACIÓN DO PAGO – BONIFICACIÓNS/DESCONTOS

- Unha vez que pasamos da pantalla de materias a matricular, teremos que seleccionar a información para o cálculo da liquidación.
- Nesta pantalla seleccionamos primeiro a aplicación das bonificacións/descontos se fose o caso. Se dispós dalgún desconto marca o check correspondente a Aplicación *Desconto* e abrírase unha sección onde poderás seleccionar o desconto de entre unha lista de descontos dispoñibles. Para iso, márcalo e pásao co botón > á sección da dereita.
- Se seleccionas un desconto lembra que, unha vez finalizada a matrícula, tes que xustificalo documentalmente no prazo de 10 días, usando a **instancia** que atopará no módulo de instancias do [portal académico](#). Alí tamén atoparás unha guía sobre o uso do módulo de instancias.

INFORMACIÓN DEL PAGO

Aplicación descuento	☒	
Tipo de descuento	Disponible	Seleccionado
	*2 - Familia numerosa especial *3 - Discapacitados *4 - Víctimas de terrorismo *5 - Violencia de género 7 - Solicitud de pago por factura 8 - Solicitud de matrícula a tiempo parcial 9 - Ingreso mínimo vital *10 - Huérfanos de funcionarios fallecidos en acto de servicio *11 - Personal del SUG	*1 - Familia numerosa general
Becario	☐	
Pago a plazos	☐	
Forma de pago	☐ Domiciliación Bancaria ☒ Entidad Financiera	

Desconto/bonificación	Descrición	Documentación xustificativa
Familia numerosa especial	Membros dunha unidade familiar con consideración de familia numerosa de categoría especial están exentos de pagar as taxas académicas e administrativas, pero pagarán o seguro escolar.	Documento oficial expedido pola administración autonómica competente
Familia numerosa xeneral	Membros dunha unidade familiar con consideración de familia numerosa de categoría xeral gozará dunha bonificación do 50% das taxas académicas e administrativas.	Documento oficial expedido pola administración autonómica competente
Discapacidade	Estudantes que teñan a condición de persoa con discapacidade ou con funcionalidades diversas están exentos de pagar as taxas académicas e administrativas.	Certificado de discapacidade
Vítimas de terrorismo	Persoas que sufriron ataques terroristas e os seus familiares están exentos de pagar as taxas académicas e administrativas.	Resolución de acollemento ao Programa de Axudas ás Vítimas de Terrorismo
Violencia de xénero	Vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores de idade suxeitos á súa tutela e garda e custodia están exentos de pagar as taxas académicas.	Resolución xudicial
Solicitude de pago por factura	Solicitantes cuxa matrícula vai ser abonada por unha empresa ou por conta propia como profesional, aprazan a emisión da liquidación das taxas académicas e administrativas, salvo os seguros, ata que se emita a factura por parte do Servizo de Xestión Financeira da UDC.	
Solicitude de matrícula a tempo parcial	Solicitantes de réxime de dedicación a tempo parcial aprazan o pago das taxas académicas ata que se resolva a súa solicitude.	A apuntada na normativa de aplicación, en función do suposto que xustifique a petición
Ingreso mínimo vital	Beneficiarios da prestación do ingreso mínimo vital están exentos de pagar as taxas académicas.	Resolución da concesión do devandito ingreso
Orfos de funcionarios falecidos en acto de servizo	Orfos de funcionarios civís ou militares falecidos en acto de servizo, non emancipados e menores de 25 anos, estarán exentos do pago das taxas académicas. Cobre só a primeira matrícula de cada materia e non as segundas e sucesivas.	Copia do Libro de familia e do certificado do organismo ao que pertencía o falecido en acto de servizo testemuñando tal circunstancia.
Persoal do SUG	Empregados de calquera das universidades públicas do Sistema Universitario Galego (SUG), os seus fillos e fillas sen independencia económica, o seu cónxuxe ou parella de feito debidamente rexistrada e as persoas en réxime de acollida, están exentos de pagar as taxas académicas.	Certificado acreditativo do Servizo de Persoal da Universidade do SUG que corresponda (salvo se é empregado da propia UDC), declaración responsable de que non ten independencia económica e fotocopia do libro de familia onde conste tanto o titular do dereito como as persoas beneficiarias.

INFORMACIÓN DO PAGO - BOLSAS

- Tamén podes seleccionar se solicitaches ou tes concedida algunha bolsa. Pero lembra que indicar esta condición na matrícula **non constitúe unha solicitude de bolsa**. As bolsas tramítanse por outros leitos e no momento da matrícula xa tiveches que solicitar a bolsa (aínda que non obtiveses aínda a resolución). En caso de dúbida consulta coa secretaría do centro responsable do título.
- Do mesmo xeito que no paso anterior cos descontos, se fose o caso, marca o tipo de bolsa e pulsa no botón > para pasalo á sección da dereita
- Se marcas que solicitaches ou tes concedida algunha bolsa que non sexa a do Ministerio de Educación, unha vez finalizada a matrícula tes que xustificalo documentalmente no prazo de 10 días, usando a **instancia** que atoparás no módulo de instancias do [portal académico](#). Alí tamén atoparás unha guía sobre o uso do módulo de instancias.
- Nalgúns supostos, a UDC ten xa coñecemento de que solicitaches ou se che concedeu unha bolsa, polo que xa che aparecerá recollida na sección “Seleccionado”, sen necesidade de que a marques ti nin de que xustifiques a súa concesión.

	Disponible		Seleccionado
Tipo de beca	Beca MEC Beca del País Vasco Cátedra Fundac. San Rafael-UDC Beca Abriga UDC Join our commitment to action Convenio ICETEX-UDC	> <	

INFORMACIÓN DO PAGO – FORMA DE PAGO

- Unha vez que se marcaron os descontos e/ou condición de bolseiro, debemos marcar o número de prazos no que desexamos pagar a matrícula:
 - Prazo único: nos 10 días naturais seguintes a realizar a matrícula
 - En 4 prazos:
 - Primeiro prazo polo total das taxas administrativas e o 40% das taxas académicas: nos dez días naturais seguintes a realizar a matrícula
 - Segundo prazo polo 30% das taxas académicas: do 9 ao 20 de novembro de 2023
 - Terceiro prazo polo 20% das taxas académicas: do 11 ao 22 de xaneiro de 2024
 - Cuarto prazo polo 10% das taxas académicas: do 1 ao 11 de marzo de 2024

INFORMACIÓN DEL PAGO	
Aplicación descuento	☐
Becario	☐
Pago a plazos	☒
Número de plazos	4 ▾
Forma de pago del primer plazo	☒ Entidad Financiera ☐ TPV - terminal punto de venta
Forma de pago aplazado	Entidad Financiera

INFORMACIÓN DO PAGO – FORMA DE PAGO

- A continuación indicaremos a forma de pago. As actualmente dispoñibles son:
 - **DOMILICILIACIÓN BANCARIA**
Esta opción non permite fraccionar o importe da matrícula. É necesario enviar autorización de domiciliación bancaria asinada polo titular da conta usando a instancia correspondente no módulo de instancias do [portal académico](#). O impreso é un dos que se xeran no último paso da matrícula.
 - **ENTIDADE FINANCEIRA**
Esta modalidade permite o pago único ou fraccionado en 4 prazos. O pago pódese realizar a través de caixeiros automáticos, con tarxeta pola pasarela de pago das entidades, ou directamente no portelo **das entidades bancarias colaboradoras da UDC**. Os impresos para abonar estes importes xéranse no último paso da matrícula. E no [portal académico](#) atopará outra guía para o pago con tarxeta destes impresos a través de pasarela de pago.

INFORMACIÓN DEL PAGO	
Aplicación descuento	☐
Becario	☐
Pago a plazos	☒
Número de plazos	4 ▾
Forma de pago del primer plazo	☒ Entidad Financiera ☐ TPV - terminal punto de venta
Forma de pago aplazado	Entidad Financiera

INFORMACIÓN DO PAGO – OUTROS IMPORTES

- Os importes obrigatorios na matrícula, como poden ser a apertura de expediente ou outras taxas e seguros escolares obrigatorios, visualizaranse directamente no seguinte paso da matrícula.
- Con todo, existen outros seguros que os alumnos, sen estar obrigados a subscribilos, poden facelo neste paso, de forma voluntaria.
- Se fose este o caso, marca o seguro ou os seguros que che interesan e engadiranse ao cálculo da matrícula.
- Se estiveses obrigado a subscribir algún destes seguros, aparecerá marcado e non poderás desmarcalo.

OTROS IMPORTES		
	Descrición	Importe
☐	Seguro HAC LUCE Accidentes	10,00 EUR
☐	Seguro HAC LUCE Movilidad	125,00 EUR

- Podes atopar a información dos seguros na seguinte ligazón: <https://www.udc.es/gl/sape/seguros/>

CONFIRMACIÓN DA MATRÍCULA

- Na última pantalla poderás revisar todos os datos introducidos na matrícula, e, se fose o caso, podes retroceder a modificalos

 Tras revisar la información resumen de la matrícula pulsar el botón Confirmar

Solicitud Provisional de Matrícula

DATOS GENERALES

Curso más alto	1
Tipo de plan	créditos
Alumno condicional becario	No
Tipo de descuento	0 - Clase de liquidación ordinaria

DATOS ACADÉMICOS

Código	Descripción	Grupo	Período	Clase	Curso	Módulo	Créd.	Conv. agotadas	Convalid.	Cód. P.I.
100400	Calidad y Gestión del Agua	1	2	Optativa	1	XX	3.0	0	No	0
100403	Calidad, Procesado y Trazabilidad	1	2	Optativa	1	XX	3.0	0	No	0
100404	Cultivo de Microalgas y Zooplancton	1	2	Optativa	1	XX	3.0	0	No	0
100405	Cultivo de Macroalgas	1	2	Optativa	1	XX	3.0	0	No	0

CONFIRMACIÓN DA MATRÍCULA

- Unha vez pulsado o botón de confirmar terás dispoñibles os impresos correspondentes, que habitualmente serán:
 - O impreso de solicitude de matrícula co resumo da matrícula
 - O impreso de *abonaré*, se seleccionaches a forma de pago entidade bancaria
 - O mandato SEPA que terás que enviar asinado a través do módulo de instancias do [portal académico](#), se seleccionaches a forma de pago domiciliación bancaria

Estudios oficiales / Matrícula > Alta de Matrícula

Documentación de la matrícula

i La matrícula se ha confirmado correctamente. En esta pantalla tiene disponibles los impresos de la matrícula realizada. También tiene a su disposición los documentos de pago que correspondan en función de la forma de pago seleccionada. Adicionalmente pueden haberse generado otros documentos de interés. Recuerde imprimir, descargar o enviarse por correo electrónico estos documentos para su consulta posterior.

Documento	Opciones
Impreso matrícula 	   
Abonarés matrícula 	   

 Continuar

EN CASO DE PROBLEMAS / DÚBIDAS

- Se atopas problemas durante a realización da matrícula, ou tes dúbidas, ponte en contacto coa administración do centro responsable do título no que te estás matriculando.
- Podes atopar as direccións dos centros na seguinte ligazón:

>> [Relación de contactos para cada máster na UDC](#)





GUÍA DE MATRÍCULA

MÁSTER

ESTUDANTES DE CONTINUACIÓN